

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de
Estatística do día 21 de decembro de 2012

24-1101 Infraccións e sancións na orde social

PROXECTO TÉCNICO

O obxecto de investigación estatística deste apartado é o de obter información sobre as actas de infracción levantadas pola Inspección de Traballo e Seguridade Social en Galicia, nas materias en que ten competencias a Comunidade Autónoma.

1.- Normativa e organización

As principais disposicións legais referidas a esta materia son as recollidas na seguinte normativa de aplicación:

1) Xeral

- Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores (BOE nº 75 do 29.03.95)
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (BOE 10.11.95). Modificada pola Lei 54/2003, do 12 de decembro (BOE nº 298 do 13.12.2003)
- Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social (BOE nº 274 do 15.11.97)
- Real decreto 928/1998, do 14 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións da orde social e para os expedientes liquidadores de cotas da Seguridade Social (BOE nº 115 do 14.05.98). Modificado polo Real decreto 772/2011, do 3 de xuño (BOE nº 147 do 21.06.2011)
- Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia (DOG nº 251 do 30.12.98)
- Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social (BOE n 189 do 08.08.2000)
- Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social (BOE nº 245 do 11/10/2011)

2) Transferencia

- Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo (BOE nº 232 do 28.09.82; DOG nº 21 do 19.10.82)
- Decreto 117/1982, do 5 de outubro, sobre asunción de transferencias en materia de traballo (DOG nº 21 do 19.10.82)

3) Normativa autonómica

- O Estatuto de autonomía de Galicia establece, no seu artigo 29.1º, que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, competencias e servizos que, neste eido e no ámbito de execución, lle corresponden ao Estado con respecto ás relacións laborais, sen prexuízo da alta inspección deste.
- De acordo co anterior, polo Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, transfíreselle á Xunta de Galicia a potestade sancionadora por infraccións na orde social, na actualidade asignada á Consellería de Traballo e Benestar.
- Así mesmo, a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, ditada en uso da competencia exclusiva establecida no artigo 28.7 do Estatuto de autonomía de Galicia, regula, no seu artigo 139, o réxime de infraccións e sancións en materia de sociedades cooperativas (DOG nº 251, do 30.12.98).
- O artigo 34.7º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, segundo redacción dada polo artigo 30 da Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo, permite a atribución regulamentaria da competencia para resolver os recursos administrativos promovidos contra as resolucións das entidades ou organismos da consellería a outros órganos distintos do seu titular.
- Orde da Consellería de Economía e Facenda de 23 de novembro de 2001 (DOG nº 235 do 05/12/2001),

- Decreto 70/2008, do 27 de marzo, sobre distribución de competencias entre os órganos da administración autonómica galega para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector (DOG nº 72, do 15/04/2008)
- O Decreto 13/2012, do 4 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica das Consellerías da Xunta de Galicia (DOG nº 4 do 05.01.2012) .
- Decreto 109/2012, do 22 de marzo polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar (DOG nº 73 do 17/04/2012),

Tamén lle encomenda ao titular da dirección xeral, no ámbito das competencias da dirección xeral, o coñecemento e a resolución dos recursos de alzada interpostos contra as resolucións ditadas polas persoas titulares das xefaturas territoriais no seu respectivo ámbito territorial de conformidade co establecido no artigo 6 do citado Decreto 70/2008, do 27 de marzo (DOG nº 72 do 15/04/2008).

En virtude do exposto anteriormente o coñecemento das infraccións nas materias laborais e de prevención de riscos laborais e por obstrución ao labor inspector no ámbito competencial substantivo da Comunidade Autónoma de Galicia corresponderalle á Consellería de Traballo e Benestar, en virtude de acta levantada pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, e mediante a tramitación do correspondente expediente.

Competencia sancionadora

Para a determinación do órgano competente para a imposición das sancións correspondentes terase en conta, en cada caso, a contía contida na acta de infracción levantada pola Inspección de Traballo e Seguridade Social.


A competencia para sancionar por infraccións en materia laboral e obstrución á actividade inspectora corresponderalles: a) Ás persoas titulares das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, ata 12.500 euros. b) Á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, ata 62.500 euros. c) Á persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, ata 125.000 euros. d) Ao Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, ata 187.515 euros.

A competencia para sancionar por infraccións en materia de prevención de riscos laborais corresponderalles: a) Ás persoas titulares das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, ata 40.985 euros. b) Á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, ata

123.000 euros. c) Á persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, ata 409.900 euros. d) Ao Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, ata 819.780 euros.

A competencia para sancionar por infraccións en materia de cooperativas, de conformidade co disposto no artigo 139.5º da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, corresponderalles: a) Ás persoas titulares das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, ata 6.010,12 euros, cando a cooperativa figure inscrita nos correspondentes rexistros provinciais. b) Á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, ata 18.030,36 euros. c) Á persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, ata 30.050,61 euros.

Nos supostos de pluralidade de infraccións correspondentes á mesma materia nun único expediente sancionador será órgano competente para impoñer a sanción pola totalidade das devanditas infraccións o que o sexa para impoñer a de maior contía.



2. Unidades estatísticas

A unidade estatística é o expediente administrativo que se inicia sempre de oficio por Acta de infracción da Inspección de Traballo consecuencia de orde de servizo, a petición razoada doutros órganos, por propia iniciativa ou por denuncia. As actas, e en consecuencia os expedientes, poden incluír un número diverso de infraccións e as correspondentes sancións para cada unha delas, as cales se totalizan ao final da acta e no expediente.

O ámbito poboacional desta estatística son as infraccións na orde social con competencia sancionadora atribuída á Comunidade Autónoma de Galicia, que se estende ás materias introducidas mediante o Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

As unidades informantes son as xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar e a Subdirección Xeral de Traballo, que son os órganos que tramitan os expedientes que se inician por cada acta de infracción levantada pola Inspección de Traballo.

3. Variables a investigar

As variables de cada expediente recóllense tanto na acta da infracción levantada pola Inspección de Traballo (que inicia o procedemento) como no expediente tramitado ao efecto.

Provincia de comisión da infracción. Provincia onde está situado o centro de traballo onde ocorre a/s infracción/s.

Data de inicio do expediente

Órgano onde se inicia o expediente. A inspección de traballo envía a acta da infracción ao **órgano competente** que depende da contía da sanción e provincia onde se da a infracción. Son: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Dirección Xeral, Consellería e Consello da Xunta.

Data de resolución do expediente en 1ª instancia

Todos os expedientes son resoltos en primeira instancia polo órgano no que se inicia o expediente. Os expedientes resoltos en primeira instancia clasifícanse segundo o órgano competente igual que os expedientes iniciados: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Dirección Xeral, Consellería e Consello da Xunta.

Número de infraccións segundo a materia

As infraccións clasifícanse atendendo a materia en:

- Traballo (as establecidas no capítulo II Sección 1ª do Real decreto legislativo 5/2000)
- Seguridade e saúde laboral (as establecidas no Capítulo II. Sección 2ª do Real decreto legislativo 5/2000)
- Obstrución. Capítulo VII

A efectos estatísticos as infraccións en materia de obstrución inclúense xunto coas de traballo.

Número de infraccións segundo o tipo de infracción

- Moi grave
- Grave
- Leve

Para cada materia delimitáanse (no Real Decreto legislativo 5/2000) cales son as infraccións leves, graves e moi graves.

Número de sancións segundo o grao de sanción

- Máximo
- Medio
- Mínimo

Os criterios de graduación das sancións están establecidos no Real Decreto legislativo 5/2000. As sancións polas infraccións poderán impoñerse nos grados de mínimo, medio e máximo, atendendo á negligencia e intencionalidade do suxeito infractor, fraude, a convivencia, o incumprimento das advertencias previas e requirimentos da Inspección, cifra de negocios da empresa, **entre outros**.

A acta da Inspección de Traballo e Seguridade Social que inicia o expediente sancionador e a resolución administrativa que recaia, deberán explicitar os criterios de graduación da sanción tidos en conta.

Contía total das sancións

4. Procesamento de datos

Iniciación

O procedemento sancionador trátase dun procedemento administrativo especial, regulado principalmente no RD 928/1998, do 14 de maio, modificado polo RD 772/2011, do 3 de xuño, polo que se aproba o Regulamento xeral sobre o procedemento para a imposición de sancións por infraccións na orde social. Iniciase en virtude de acta de infracción levantada pola Inspección de Traballo e Seguridade Social de oficio, como consecuencia de orde superior, a petición razoada doutros órganos, por propia iniciativa ou en virtude de denuncia. Segundo a contía proposta pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, a través da acta levantada para o efecto, determínase o órgano competente para a imposición das sancións correspondentes. A inspección de traballo traslada dita acta á autoridade laboral competente.

Procedemento

O procedemento, como se dixo iníciase de oficio por Acta e infracción que é o prego de cargos fronte ao titular da Acta. Esta notifícase ao presunto responsable no prazo de dez días, o cal pode formular alegacións fronte a mesma no prazo de quince días hábiles achegando as probas que estime convenientes.

A instrución continúa coa proposta de resolución de non formularse alegacións ou solicitando, no seu caso informe ampliatorio sobre ás alegacións. Antes de emitir proposta de resolución,

outorgárselle trámite de audiencia de terse invocado ou concorrer feitos distintos ao salientados na acta de infracción.

O órgano competente para resolver ditará, no prazo de dez días desde a finalización da tramitación, **resolución motivada**.

Resolución

As xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar remiten, mensualmente, os datos dos expedientes iniciados e resoltos así como os resultados da recadación de multas en período voluntario. Nos servizos centrais recóllense igualmente os datos dos expedientes iniciados e resoltos en instancia pola propia Dirección Xeral de Relacións Laborais, así como en vía de recurso. As resolucións ditadas polas persoas titulares das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar poderán ser obxecto de recurso de alzada perante a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

As resolucións ditadas pola persoa titular da Dirección Xeral Relacións Laborais poderán ser obxecto de recurso de alzada perante a titular da Consellería de Traballo e Benestar.

Recadación

A tramitación e o control directo da recadación das multas impostas faise nas xefaturas territoriais ou nos servizos centrais, segundo sexa o órgano competente para resolver os procedementos. A recadación das sancións firmes é competencia do órgano que impuxo a sanción, tanto no período voluntario de pagamento como da súa remisión á Consellería de Facenda para o inicio do procedemento de constrinximento.

Faise un reconto das ingresadas no período voluntario e as non ingresadas no dito período remítenas á Consellería de Facenda, para o inicio da vía executiva. A Dirección Xeral de Relacións Laborais fai un seguimento periódico da recadación.

As xefaturas territoriais remíten a esta dirección xeral, mensualmente, os datos dos expedientes iniciados e resoltos, así como os resultados da recadación de multas en período voluntario. Cos referidos datos realízase a estatística correspondente a esta operación.

5. Deseño e explotación dos datos do rexistro

Para o sistema de xestión de sancións creouse unha aplicación informática vinculada a cada xefatura territorial mediante a cal, desde a Subdirección Xeral de Traballo se poden obter datos do procedemento sancionador e, como consecuencia, información, tanto dos servizos centrais como de

cada xefatura territorial, dos expedientes iniciados, resoltos, estado ou fase de trámite dos expedientes iniciados, materia, contía da sanción, grao da infracción, etc.

A través desta aplicación pódense xerar listaxes de expedientes segundo o estado (iniciados, pendentes, resoltos, petición de expedientes, sentenzas, paralizados, global) e segundo a fase (primeira instancia, recurso de alzada)

Desde servizos centrais tense acceso aos datos individuais dos expedientes tramitados nas Xefaturas Territoriais. Para a realización da estatística compútanse todos os expedientes ben confirmen, minoren, deixen sen efecto ou anulen a sanción.

Explotación estatística

1 Expedientes iniciados no ano de referencia nas xefaturas territoriais: número de expedientes, contía das sancións e número de infraccións segundo materia, tipo e grao. Estas variables facilítanse para cada xefatura territorial.

2 Expedientes resoltos no ano en primeira instancia: número de expedientes, contía das sancións e número de infraccións segundo materia, tipo e grao. Estas variables facilítanse para cada órgano competente: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Dirección Xeral, Consellería e Consello da Xunta

3.1 Expedientes iniciados nos servizos centrais e expedientes recorridos ante os servizos centrais, no ano de referencia, segundo a provincia da infracción, segundo o procedemento e segundo a materia.

Considéranse aquí os expedientes iniciados no ano nos servizos centrais e os expedientes que foron recorridos de alzada, revisión ou reposición tamén no mesmo ano. Un expediente iniciado na Dirección Xeral, resolto en primeira instancia por esta e recorrido de alzada perante a Consellería aparece dúas veces.

3.2 Expedientes resoltos no ano nos servizos centrais, xa sexan en primeira instancia como en vía de recurso, segundo a provincia da infracción, segundo o procedemento e segundo a materia.


Considéranse aquí os expedientes resoltos no ano de referencia con independencia de cando se iniciaran.

Índice de táboas

N.º	Infraccións e sancións na orde social
1	Expedientes de sancións iniciados en primeira instancia nos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, con indicación do número total de expedientes, contía das sancións, materia, tipo de infracción e grao de sanción. Ano xxxx
2	Expedientes resoltos en primeira instancia, segundo o órgano competente e o seu ámbito territorial, con indicación do número total de expedientes, contía das sancións, materia, tipo de infracción e grao de sanción. Ano xxxx
3	Expedientes iniciados e resoltos nos servizos centrais, tanto en primeira instancia como en vía de recurso, correspondentes aos formulados no ano xxxx ou en anos anteriores, con indicación do ámbito provincial onde tivo lugar a infracción ou onde se ditou resolución de instancia, procedemento e materia
4	Total de expedientes iniciados e resoltos nos servizos centrais, tanto en primeira instancia como en vía de recurso, correspondentes aos formulados no ano xxxx ou en anos anteriores, con indicación do ámbito provincial onde tivo lugar a infracción ou onde se ditou a resolución de instancia do procedemento

ANEXO:

Cadro modelo dos emitidos polo programa informático a través do que se tramitan os expedientes de sancións, en documento á parte.



SANCIONES DO ORDE SOCIAL

DIRECCION XERAL DE RELACIONES LABORAIS
EXPEDIENTES RESOLUTOS EN RECURSO DE ALZADA

MES : 01/01/2011 a 31/01/2011

EXPT Tr Ob Se H	PROVINCIA					TRABALLO						SEGURIDADE E HIXIENE						CUANTÍA MULTA				
	Co.	Lu.	Ou.	Po.		Moi Grave	Grave	Leve	Máx.	Medio	Mín.	Total	Moi Grave	Grave	Leve	Máx.	Medio	Mín.	Total	Proposta na acta	Imposta na resolución de instancia	Imposta na resolución do recurso
D. XERAL	157	74	9	13	61	5	55	4	12	19	33	64	0	129	7	4	16	116	136	610.247,3 2	582.523,19	574.507,06
	59																			147.627,0 0	138.754,00	138.449,00
	98																			462.620,3 2	443.769,19	436.058,06
CONSELLEIRO	1	0	0	1	0	1	0	0	0	0	1	1	0	0	0	0	0	0	0	12.000,00	12.000,00	12.000,00
	1																			12.000,00	12.000,00	12.000,00
	0																			0,00	0,00	0,00
TOTAL	158	74	9	14	61	6	55	4	12	19	34	65	0	129	7	4	16	116	136	622.247,3 2	594.523,19	586.507,06
	60																			159.627,0 0	150.754,00	150.449,00
	98																			462.620,3 2	443.769,19	436.058,06